



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Boletín Informativo

POSTAL DE NADAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Felicitación de Nadal da Consellería de Educación.

[Acceso](#)



AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN SECUNDARIA

No portal educativo da Consellería de Educación pódese atopar o borrador da orde de avaliación da educación secundaria obrigato-

ria na Comunidade Autónoma de Galicia.

[Acceso ao borrador](#)




ESPECIAL DE NADAL

Propoñémosvos este sitio onde atoparedes información sobre a celebración do Nadal, entendida como un feito social e cultural. Atoparedes información sobre esta celebración en Galicia e noutros lugares do mun-

do, e incluso información sobre outras celebracións que coinciden no tempo co Nadal pero que pertencen a outras culturas.

[Acceso.](#)



INMERSIÓN VERÁN 2008

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convoca 2.800 prazas para realizar actividades de inmersión lingüística no verán de 2008 dirixidas ao

alumnado de 6º de E.P., 1º, 2º, 3º e 4º de E.S.O. e 1º e 2º de bacharelato, de centros sostidos con fondos públicos. A convocatoria sairá no DOG no mes de

xaneiro. Atopará máis información no web do programa : <http://www.edu.xunta.es/> axudasle

CONGRESO INTERNET NA AULA

O Congreso dirixese ao profesorado dos centros educativos de España implicados na incorporación das TIC á educación e estrutúrase en dúas fases ou modalidades: Congreso Virtual e Congreso Presencial. A fase

virtual desenvolverase desde abril ata outubro de 2008 e alí poderase contar a propia experiencia, participando nos foros, wikis e blogs que se constrúan. Entre o 26 e o 28 de xuño celebrárase a fase presen-

cial en catro sedes que estarán interconectadas con tecnoloxías de última xeración.

[Acceso a información.](#)




Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
15781
Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

Contido:

| | |
|---|---|
| Postal de Nadal da Consellería de Educación | 1 |
| Avaliación na educación secundaria | 1 |
| Especial de Nadal | 1 |
| Inmersión verán 2008 | 1 |
| Congreso Internet na aula | 1 |
| PALE | 2 |
| Axudas ao alumnado de formación profesional de grao medio | 2 |
| Premios Nacionais de Investigación e Innovación Educativa | 2 |
| Exposición temporal "Culturas-Cultura" | 2 |
| II Congreso de Educación Ambiental | 2 |



PALE

Recórdase ao profesorado que o día 28 de decembro remata o prazo da convocatoria para a selección do profesorado participante no Programa de Apoio ao Ensi-

no e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, itinerario A, para o ano 2008. Programa cofinanciado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

Máis información no web de linguas estranxeiras.

[Acceso](#)

AXUDAS AO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO MEDIO

NO [DOG n° 240](#) do xoves 13 de decembro sae publicada a Orde do 4 de decembro 2007 pola que se modifica a do 17 de outubro pola que se convocan

axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo correspondentes aos ciclos formativos de grao medio e superior de

formación profesional, módulos profesionais experimentais e artes plásticas e deseño para ampliar o seu crédito orzamentario.

PREMIOS NACIONAIS DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

No [BOE n° 290](#) do martes 4 sae publicada a Orde ECI/3514/2007, do 2 de novembro, pola que se convocan para o ano 2007 os Premios Nacionais de Investigación e Innovación Educativa. A convocatoria ten como obxecto premiar a investigación, innovacións e teses doutorais finalizadas

entre o 1 de maio de 2006 e 1 de marzo de 2008. Poderán participar o profesorado e outros profesionais da educación que exerzan na súa actividade en centros educativos españois, así como investigadores/as ou equipos de investigación españois. Na modalidade de Innovación haberá un

primeiro premio de 15.000€, na modalidade de Investigación de 20.000€ e na modalidade de Teses Doutorais de 15.000€. O prazo de presentación dos traballos finaliza o 31 de maio de 2008.

EXPOSICIÓN TEMPORAL “CULTURAS-CULTURA”

O proxecto quere dar a este variado conxunto de obras procedentes de tempos e de culturas tan afastadas un obxectivo ben definido e que, na actualidade, ten un grande interese: o diálogo e a interacción das culturas, co fin de que sexa obxecto de pensamento, de afondamento e de debate. Para

divulgar e dar a coñecer esta exposición, o Departamento de Educación do [Museo de Belas Artes da Coruña](#) ofrece unha visita-obradoiro dirixida ao terceiro ciclo de primaria e á ESO. A actividade consta dun percorrido pola exposición e un traballo práctico de reforzo dos conceptos apren-

didos na visita a realizar no espazo do taller. No percorrido pola mostra faranse mini-actividades nas que os escolares terán participación activa para que, a través dunha metodoloxía dedutiva, exploren os obxectos.

[Máis información](#)

II CONGRESO DE EDUCACIÓN AMBIENTAL DOS CENTROS DE ENSINO DA CORUÑA

Patrocinado pola Deputación da Coruña, convócase o II Congreso de Educación Ambiental dos Centros de Ensino da Coruña co obxectivo de divulgar experien-

cias e proxectos que se realicen a prol da conservación dos espazos naturais. Os destinatarios son os centros de ensino da provincia da Coruña.

[Máis información.](#)

[Inscripción](#)